




Evidencias do cambio climático

NA TEMPERATURA



+0,6 °C nos últimos 100 anos

Nos últimos cen anos, a temperatura media da Terra aumentou 0,6 °C. Esta variación foi aínda maior en España, onde a temperatura subiu 1,5 °C.




NO DESXEO


A velocidade coa que se está a producir o desxeo en ambos os hemisferios queda en evidencia coa mera observación dos glaciares. As fotografías da dereita foron tomadas no mesmo lugar, no glaciar Muir, en Alasca.



As neves do Kilimanxaro, que Hemingway describira como a pel dun leopardo, tamén están a desaparecer.



NO NIVEL DO MAR



A superficie de xeo do Polo Norte está a diminuír

Esta ilustración, elaborada pola NASA, amosa a evolución dos mínimos anuais de xeo no mar.

O nivel do mar está a aumentar




As comportas construídas no Támesis para evitar inundacións en Londres están a ser pechadas moitas máis veces ao ano que en períodos anteriores. Isto evidencia un aumento no nivel do mar.

NOS SERES VIVOS

Estes son só algúns exemplos de cambios nos comportamentos das especies que nos indican que o clima está a cambiar.



A laminiaria é unha alga que está a diminuír a súa presenza en Galicia e no norte de España, mentres é cada vez máis abundante en Francia, ao norte do Golfo de Biscaia.



Peixes tropicais en Galicia? Este peixe é unha anchoa. Un exemplar foi pescado en Portosín. Trátase dunha especie tropical moi voraz e perigosa. O Instituto Español de Oceanografía detectou nos primeiros meses de 2009 nas costas de Galicia 25 especies de peixes tropicais.



A esquila. Un trinta por cento das que aniñan na Península Ibérica xa non van a África pasar o inverno.



Adianto da primavera biolóxica

Para o paxaro coñecido como ferreiriño, o nacemento das crías coincide coa proliferación dunhas eirugas de bolboreta. Pero a eiruga adiantou a súa metamorfose e a eclosión xa non coincide co nacemento dos ferreiriños. Menos mal que os polos admitiron outras larvas.

